


# Viaxar polo Universo


## cd-rom

Viaxar polo Universo é un cd-rom de astronomía en galego que ofrece a posibilidade de familiarizarse co ceo nocturno, recoñecer e localizar estrelas, constelacións e outros obxectos celestes; profundar no coñecemento dos astros do sistema solar e comprender fenómenos astronómicos.




A amplitude de opcións do seu menú, así como a diversidade de aspectos contemplados dentro de cada unha das opcións, permiten empregalo en distintos niveis educativos.

Inclúe animacións que facilitan a comprensión e interpretación de fenómenos naturais cotiáns: día-noite, estacións, eclipses e o movemento relativo da Terra, da Lúa e do Sol... Tamén se representan as tres leis de Kepler aplicadas ós planetas interiores, os vectores velocidade e aceleración dos planetas en movemento arredor do Sol e, mesmo, a dinámica dos modelos correspondentes á visión heliocéntrica e xeocéntrica do Universo.




Representación dos planetas interiores e da segunda lei de Kepler en setembro do 2001.



Ademais de acceder ós datos astronómicos dos planetas, necesarios para a localización no ceo nun lugar e momento determinado, podemos visualizar a súa imaxe.


Da Lúa obteremos os datos astronómicos necesarios cada día, os relativos ás fases e a súa representación, incluídas as datas correspondentes tanto na actualidade coma nos anos pasados ou vindeiros.



Tamén é posible visualizar e coñecer qué estrelas están en cada momento e lugar visibles no ceo dando todas as súas coordenadas astronómicas e nome, se é o caso que o teña, ou nº de estrela no catálogo BS de estrelas brillantes, Hiparcos ou SAO (Smithsonian Astrophysical Observatory); e isto, sen máis que premer o rato sobre a estrela da que desexemos saber os datos.

Pódese contemplar un mapa estelar tridimensional das 700 estrelas próximas ó Sol, incluso coa súa referencia ou nome.

Ademais, podemos escoller a maioría dos concellos de Galicia para situármonos nun deles e xa ter as



coordenadas xeográficas dese concello; dese xeito, en todo o programa estes datos poderán ser utilizados nos cálculos respectivos.

Podemos ver a imaxe do ceo estrelado, coa representación das rexións que a UAI delimita para cada constelación, ou ver sobreimpresas as figuras das constelacións e os seus nomes en galego.

Tamén é doado comprobar a posición actual do Sol, da Lúa, e dos planetas, ademais, naturalmente, das estrelas. Variar a magnitude destas e reducir ou ampliar o seu número.

Pero, ademais, podemos optar por unha visión tipo Planisferio, e elixir a orientación na que queremos que se nos presente, ou ben viaxar paseniñamente e explorar o espacio celeste tomando como referencia as coordenadas horizontais, as ecuatoriais ou as eclípticas.

Como complemento deste observatorio virtual inclúese un dicionario galego de termos astronómicos, que é posible consultar.

Finalmente, indicar que a obra complementa o libro “*Todo se move*” de materiais de Física para 4º de ESO.

